



OLLOS ABERTOS S.C.
CIF: J-94177037
Rúa Mendiña Nº55 Aldán, Cangas, CP: 36945
Telf:: 617769814 Mari
ollosabertos@gmail.com

NOTAS INFORMATIVAS

Queridas familias:

A empresa OLLOS ABERTOS dávos a benvida ao novo curso 2023/2024 ofrecéndoos o servizo de aula matinal para a conciliación familiar. Este comunicado pretende informar sobre algúns puntos de interese para vostedes.

- 1.- Poderán ter á súa disposición o servizo de aula matinal a partir do 11/09/2023, coincidindo así co inicio das clases.
- 2.- Deberán cubrir os documentos pertinentes, como a folla de rexistro, autorizacións e regulamentos. Estes documentos deberán estar asinados pola nai e polo pai. No caso de persoas divorciadas ou separadas, ademais de asinar, ambas deberán indicar quen é a persoa titora legal.
- 3.- Para aquelas familias que precisen de forma esporádica do servizo de aula matinal, deberán comunicalo á empresa ou á ANPA con antelación. Se vai ser máis dun día deberá aboar cada día de asistencia ou pagar por adiantado os días que precise. Tamén o mesmo día deberán cubrir unha folla de servizo que as persoas monitoras facilitarán nese momento.
- 4.- Este ano o almorzo non estará incluído na tarifa, o alumnado deberá traer o seu almorzo da casa. Pódense deixar na custodia da monitora alimentos como pan para facer torradas, cereais, galletas, marmeladas, cacao “colacao”, leite ou zumes; co fin de facilitar ás familias a xestión do almorzón, sempre que o colexio nos asine un espazo para od alimentos. A empresa dispón de utensilios para o almorzo como torradora, espremador de zume de laranxa e microondas escolares. Poden consultar calquera dúbida coas persoas monitoras.
- 5.- A empresa ofrece dúas tarifas dependendo do número. Unha tarifa para grupos de máis de 7 alumnas/os e outra para grupos reducidos. No mes de setembro aplícase a tarifa máis barata sen ter en conta o número, porque setembro considérase mes de axustes. A partir de outubro terase en conta o número do alumnado para aplicar a tarifa. Se unha tarifa comeza en outubro e esta cambia por altas ou baixas de estudantes no mes seguinte, os recibos axustaranse á tarifa correspondente. Entenderanse grupos reducidos de 4 a 6 alumnos/as.
- 6.- Os recibos bancarios expediranse o día 3 de cada mes. As familias que non desexen domiciliar, hai a posibilidade de facelo mediante transferencia bancaria. Con antelación o servizo, ao final do mes anterior o uso do servizo e remitíndolle o xustificante a empresa mediante correo electrónico: ollosabertos@gmail.com
No caso de devolucións de recibos, cobranse 5€ máis por gastos bancarios sempre que a empresa non sexa a responsable da devolución.

Atentamente

A empresa